

COMPOSICIÓN DE TEXTO (sobre tema de tipo Filosófico)

Unha vez elixidos a opción e o autor, o alumno deberá realizar unha Composición de tipo filosófico, en base ó texto proposto, sobre o *tema enunciado*.

OPCIÓN 1

A orde sociopolítica: a Cidade terreal e a Cidade de Deus

1.1. “Dous amores fundaron, pois, dúas cidades, a saber: o amor propio ata o desprezo de Deus, a terreal; e o amor de Deus ata o desprezo de si propio, a celestial. A primeira gloriábase de si mesma; e a segunda, en Deus, porque aquela busca a gloria dos homes; e esta ten por máxima gloria a Deus, testemuña da súa conciencia. Aquela envaidécese na súa gloria; e esta di a Deus: *Vos sodes a miña gloria e o que me fai ir coa cabeza en alto* (Sal. 3,4). Naquela os seus príncipes e as nacións asoballadas vense baixo o xugo da concupiscencia de dominio; e nesta sérvense en mutua caridade, os gobernantes aconsellando e os subditos obedecendo. Aquela ama a súa propia forza nos seus potentados; e esta di ó seu Deus: *A ti heite de amar, Señor, que es a miña fortaleza* (Sal. 17,2). Por iso, naquela, os seus sabios, que viven segundo o home, non buscaron máis que ou os bens do corpo, ou os da alma, ou os de ambos, e os que chegaron a coñecer a Deus, *non o honraron nin deron grazas como a Deus, señan que se esvaeron nos seus pensamentos e o seu necio corazón escureceuse*”.

SAN AGUSTÍN, *A Cidade de Deus*, Libro XIV, cap. XXIII.

.....

A lei: lei eterna, lei natural e lei positiva.

1.2. “¿Existe en nós unha lei natural? *Hai que dicir* que sendo a lei regra e medida, pode, como xa se dixo (q.90 ad 1) existir de dúas maneiras, tal como se atopa no principio regulador e mensurante, e tal como está no regulado e medido. Ora ben, que algo estea medido e regulado débese a que participa da medida e da regra. Por tanto, como todas as cousas que se atopan sometidas á divina providencia están reguladas e medidas pola lei eterna, segundo consta polo xa dito (a. 1), é manifesto que participan en certo modo da lei eterna, a saber, na medida en que, baixo o influxo desta lei, se ven impulsados os seus actos e fins propios. Por outra parte, a criatura racional atópase sometida á divina providencia dunha maneira moi superior ás demais, porque participa da providencia como tal, e é providente para si mesma e para as demais cousas. Polo mesmo, hai tamén nela unha participación da razón eterna en virtude da cal se encontra naturalmente inclinada ós actos e fins debidos. E esta participación da lei eterna na criatura racional é o que se chama lei natural”.

TOMÁS DE AQUINO, *Suma de Teoloxía*, II, I-II, Q. 91, art. 2

.....

O problema de razón e fe

1.3. “Se se entende por alma unha forma intelectual inmaterial, incorruptible, que está toda ela en todo o corpo e toda ela en cada parte deste, non pode saberse con evidencia, nin por razoamentos nin por experiencia, se é que hai ou non hai en nós tal forma, nin que en nós a actividade intelectual pertenza ou non pertenza a tal substancia, nin que a alma sexa forma do corpo. Pensase o que pensase Aristóteles sobre isto, tenme sen coidado, posto que sempre parece dubitativo nas súas expresións. Mantemos, non obstante, estas tres afirmacións, exclusivamente por fe... É evidente que non pode demostrarse, pois calquera razón que pretenda probalo comportará elementos que suscitarán a dúbida de calquera que reflexione segundo a razón natural. E tampouco pode probarse por experiencia, xa que soamente temos experiencia da intelección, a volición e outros actos semellantes. E aínda que segundo a fe e segundo a verdade esta é a alma intelectual, forma incorruptible, non obstante, aquel (que razoe segundo a razón natural) diría que é forma extensa, corruptible e xerable. E non parece que a experiencia permita concluir noutro tipo de forma”.

G. DE OCKHAM, *Quodlibeta Septem*, I. q. 10.

COMPOSICIÓN DE TEXTO (sobre tema de tipo *Filosófico*)

O poder e o realismo político

1.4. “Non é, por tanto, necesario a un príncipe posuír todas as cualidades anteriormente mencionadas, pero é moi necesario que pareza telas. E mesmo me atreveréi a dicir que se as ten e as observa sempre son prexudiciais, pero se aparenta telas son útiles; por exemplo: parecer clemente, leal, humano, íntegro, devoto, e selo; pero ter o ánimo predisposto de tal maneira que, se é necesario non selo, poidas e saibas adoptar a cualidade contraria. Un príncipe... vese obrigado, para conservar o seu Estado, a actuar contra a fe, contra a caridade, contra a humanidade, contra a relixión. Por iso necesita ter un ánimo disposto a moverse segundo lle esixen os ventos e as variacións da fortuna e, como xa dixen anteriormente, a non afastarse do ben, se pode, pero a saber entrar no mal, se se ve obrigado”.

MAQUIAVELO, N., *O Príncipe*, cap. XVIII.

Ciencia e Utopía social: “A nova Atlántida”,

1.5. “Parécenos, en primeiro lugar, que a introdución de inventos nobres ocupa con moito o primeiro posto entre as accións humanas. Xa o estimaron así os primeiros séculos, pois atribuíron honores divinos ós inventores, mentres que só outorgaron o rango de héroes ós que se mostraron excelentes nos asuntos políticos... Non cabe dúbida de que, se examinamos a cuestión correctamente, atoparemos xusto o xuízo dos primeiros séculos, xa que os beneficios dos inventos poden estenderse a todo o xénero humano, en tanto que os beneficios políticos só afectan a certos lugares e non duran máis aló dun certo tempo, mentres que os outros duran case perpetuamente. Ademais, a reforma dun estado non procede na maioría das ocasións sen violencia e perturbacións, mentres os inventos nos alegran e imparten o seu beneficio sen producir dano ou inxustiza a ninguén... Ademais vale a pena tomar nota da forza, a virtude e as consecuencias dos inventos, especialmente manifestas naqueles tres inventos descoñecidos dos antigos e cuxa orixe, aínda que recente, é escura e ignota; refírome á imprenta, a pólvora e o compás. Estas tres cousas cambiaron a face do mundo e as condicións da vida humana: a primeira no campo das letras, a segunda no ámbito da guerra, e a terceira na navegación”.

BACON, F., *Novum Organum*, CXXIX.

OPCIÓN 2

O utilitarismo moral

2.1. “Entre o benestar propio do individuo e o dos demais, o utilitarismo esixe que o individuo sexa tan estritamente imparcial como un espectador desinteresado e benevolente. Na regra de ouro de Xesús de Nazaret achamos completo o espírito da moral de utilidade. Facer ós mais o que se quixese que os mais fixesen por un; amar ós outros como a si mesmo; velaí as dúas regras de perfección ideal da moral utilitaria. Sería preciso, ante todo, que as leis e as convencións sociais fixesen que o benestar..., o interese de cada individuo, estivese en canto fose posible en *harmonía* co interese xeral. Logo sería menester que a educación e a opinión establecesen no espírito de cada individuo unha *asociación indisoluble* entre o seu propio benestar e o ben de todos”.

J. S. MILL, *O Utilitarismo*, cap. 2.

COMPOSICIÓN DE TEXTO (sobre tema de tipo *Filosófico*)

O significado da alienación en Marx e as súas formas.

2.2. “Feuerbach parte do feito da autoalienación relixiosa, do desdoubramento do mundo en dous, un relixioso e outro terreal. A súa tarefa consiste en reducir o mundo relixioso ó seu fundamento terreal. Pero o feito de que o fundamento terreal se separe de si mesmo e se afínque nas nubes como reino independente, tan só resulta explicable a partir do desgarramento interno dese fundamento terreal de si mesmo. Faise, pois, necesario non só comprendelo na súa propia contradición, senón tamén sometelo na práctica a unha revolución. Unha vez que descubramos na familia terreal, por exemplo, a clave para entender a familia sagrada, faise necesario aniquilar a primeira, de forma teórica e práctica”.

MARX, K., *XI Teses sobre Feuerbach*, IV.

.....

O Nihilismo e a transmutación de valores.

2.3. “Nosoutros os que somos doutra crenza -nosoutros os que consideramos o movemento democrático non meramente como unha forma de decadencia da organización política, senón como forma de decadencia, isto é, de empequeñecemento do home, como a súa mediocrización e como o seu rebaixamento de valor, ¿a onde teremos que acudir *nosoutros* coas nosas esperanzas?- A *novos filósofos*, non queda outra elección; a espíritos suficientemente fortes e orixinarios como para empuxar cara a valoracións contrapostas e para transvalorar, para inverter ‘Valores eternos’; a precusores, a homes do futuro, que aten no presente a coacción e o nó, que coaccionen a vontade de milenios a seguir *novas* vías. Para ensinar ó home que o futuro do home é *vontade* súa, que depende dunha vontade humana, e para preparar grandes riscos e ensaios globais de disciplina e selección destinados a acabar con aquel horrible dominio do absurdo e do azar que ata agora se chamou ‘historia’, o absurdo do “número máximo” é tan só a súa última forma”.

NIETZSCHE, F., *Máis alá do ben e do mal*, 203.

.....

A concepción da linguaxe no “Tractatus logico-philosophicus”.

2.4. “Non podemos propoñer ningunha teoría. Non pode haber nada hipotético nas nosas consideracións. Toda *explicación* ten que desaparecer e só a descrición ha de ocupar o seu lugar. E esta descrición recibe a súa luz, isto é, a súa finalidade, dos problemas filosóficos. Estes non son certamente empíricos, senón que se resolven mediante unha cala no funcionamento da nosa linguaxe, e xustamente de maneira que esta se recoñeza: *a pesar* dunha inclinación a malentendela. Os problemas resólvense non aducindo nova experiencia, senón compilando o xa coñecido. A filosofía é unha loita contra o embruxo do noso entendemento por medio da nosa linguaxe”.

WITTGENSTEIN, L., *Investigacións filosóficas*, 109.

.....

O sentido do ser e a analítica existencial do Dasein.

2.5. “Se o home debe atopar de novo o camiño cara á proximidade do ser, entón ten primeiro que aprender a existir no innominado. Ten que recoñecer, tanto a sedución da publicidade, canto a impotencia do privado. Antes de falar, o home ten que deixar que o ser novamente lle dirixa a palabra, correndo o risco de que, embargado deste modo, non teña nada que dicir ou só moi rara vez. Só así se devolve á palabra a preciosidade da súa esencia, e ó home a morada para que habite na verdade do ser”.

HEIDEGGER, M., *Carta sobre o Humanismo*.

.....

COMPOSICIÓN DE TEXTO (*sobre tema de tipo Filosófico*)

Coñecemento e interese.

2.6. “Claro está, sería só nunha sociedade emancipada que xa realizase a liberación dos seus cidadáns onde se desenvolvería a comunicación ó nivel dun diálogo libre de dominación de todos con todos... A ilusión ontolóxica da teoría pura, tras a que desaparecen os intereses que guían o coñecemento, confirma a ficción segundo a cal o diálogo socrático é posible universalmente e en toda época. A filosofía insinuou desde as súas orixes que a emancipación que se postula coa estrutura da linguaxe non se anticipe simplemente, senón realmente”.

HABERMAS, J., *Ciencia e Técnica como Ideoloxía*, Tecnos, 164.

.....

O raciovitalismo: a vida humana como realidade radical.

2.7 “Vivir é o que facemos e nos pasa, desde pensar ou soñar ou conmoernos ata xogar á Bolsa ou gañar batallas. Pero, ben entendido, nada do que facemos sería a nosa vida se non nos decatásemos diso. Este é o primeiro atributo decisivo co que topamos; vivir é esa realidade estraña, única, que ten o privilexio de existir para si mesma. Todo vivir é vivirse, sentirse, saberse existindo, onde saber non implica coñecemento intelectual nin sabiduría especial ningunha, senón que é esa sorprendente *presenza* que a súa vida ten para cada cal: sen ese saberse, sen ese decatarse, a dor de moas non nos doería”.

ORTEGA Y GASSET, J., *Leccións de Metafísica*, lec. III.

AVALIACIÓN DA COMPOSICIÓN: 10 puntos.

COMPOSICIÓN DE TEXTO (*sobre tema de tipo Filosófico*)

Unha vez elixidos a opción e o autor, o alumno deberá realizar unha Composición de tipo filosófico, en base ó texto proposto, sobre o *tema enunciado*.

OPCIÓN 1

Teoría da verdade, interiorismo e iluminación.

1.1. “E este aviso, esta voz interior que nos invita a pensar en Deus, a buscalo, a desexalo sen morneza, vennos da fonte mesma da verdade. É un íntimo resplandor en que nos baña o secreto Sol das almas. Del procede toda verdade que sae da nosa boca, aínda cando os nosos ollos, ou por febles ou por falta de avezamento, trepidan ó fíxarse nel e abrazalo na súa integridade. pois, en última instancia, é o mesmo Deus perfecto e sen ningunha mutilación esencial. Todo se atopa íntegro e perfecto naquel omnipotentísimo Deus. Con todo, mentres imos na súa busca e nos abeberamos na plenitude da súa fonte, non chegamos aínda á nosa Medida, e aínda que non nos falta a divina axuda, aínda non somos nin sabios nin felices. Esta é, pois, a plena fartura das almas, esta é a vida feliz, que consiste en coñecer piadosa e perfectamente quen nos guía á verdade, e os vínculos que nos relacionan con ela, e os medios que nos levan ó sumo Modo. Pola luz destas tres cousas vaíse á intelixencia dun so Deus e unha soa substancia, excluindo toda supersticiosa vaidade”.

S. AGOSTIÑO, *Da vida feliz*, cap. IV.

.....

Teoría do coñecemento: abstracción e realismo moderado

1.2. “O noso entendemento non pode coñecer directa e primeiramente as cousas materiais singulares. A razón é porque o principio de singularización nas cousas materiais é a materia individual e, segundo dixemos, o noso entendemento coñece abstraendo a especie intelixible da materia individual. Ora ben, o abstraído da materia individual é universal. Por tanto, o noso entendemento non coñece directamente senón o universal. Non obstante, e como por unha certa reflexión, pode coñecer o singular porque, segundo dixemos, despois de abstraer as especies intelixibles, non pode entender en acto por elas sen converterse ás imaxes, nas que entende as especies intelixibles, como ensina o Filósofo. Así pois, directamente coñece polas especies intelixibles o universal, indirectamente os singulares representados nas imaxes. E deste modo é como funciona a proposición ‘Sócrates é home’”

S. TOMÉ, *Suma Teolóxica*, I, c. 86, a. 1. °

.....

A Teoría do coñecemento: o problema dos universais e o nominalismo

1.3. “Os que afirman que o universal é certa cualidade da mente que é predicable de moitos, non en orde a si, senón en orde a eses moitos, teñen que dicir que o universal é verdadeira e realmente algo singular, porque así como toda palabra ou voz, por común que sexa por institución (humana) é verdadeira e realmente singular e numéricamente unha porque é unha e non moitas, tamén todo universal é singular. Tomando o singular deste primeiro modo, non ten ser natural de signo de moitos. E así ningún universal é singular, porque todo universal é naturalmente signo de moitos e naturalmente predícase de moitos. Por onde chamando universal ó que é numéricamente un, que é o sentido que dan moitos ó universal, afirmo que non hai nada universal, a non ser quizáis abusando do vocábulo”.

GUILLERME DE OCKHAM, *Suma da Lóxica*, cap. IV.

COMPOSICIÓN DE TEXTO (sobre tema de tipo *Filosófico*)

A ética e a política: a razón de Estado

1.4. “Segundo mostran todos os que escriben sobre a sociedade civil e proba a historia con abundantes exemplos, é necesario que o que funda un Estado e lle dá leis supoña que todos os homes son malos, e que están dispostos a empregar a súa malignidade sempre que se lles presente unha ocasión propicia. Se nalgún caso esa malignidade está oculta algún tempo, é por razón descoñecida que, a causa de non terse experiencia do contrario, non se manifesta, pero o tempo, do cal din que é pai de todas as verdades, non tarda en poñela ó descuberto... Os homes non obran nunca ben máis que por necesidade, pero cando hai posibilidades e liberdade de acción, todo se enche de confusión e desorde”.

MAQUIAVELO, *Discursos sobre a primeira década de Tito Livio*, Libro I, cap. III.

.....

Nova actitude fronte á natureza: necesidade dun novo método

1.5. “De acordo con este fin (a ciencia propón atopar non os argumentos, senón as artes e principios) están a natureza e a orde das demostracións. En efecto, na lóxica vulgar case toda a actividade se desenvolve arredor do siloxismo, en cambio, sobre a indución, os dialécticos apenas parecen ter pensado en serio, despachánda cunha lixeira mención, e apresurándose a pasar as formas de disputar. Polo contrario, nosoutros rexeitamos a demostración siloxística, porque procede cun tanto de confusión e déixase escapar das mans a natureza. Pois, aínda que ninguén poida poñer en dúbida que as cousas que se identifican cun termo medio identifícanse tamén entre si (que é unha sorte de certeza matemática); non obstante, existe un fraude, e é que o siloxismo consta de proposicións, as proposicións de palabras, e as palabras son contrasinais (*tessera*) e signos das nocións. Entón, se as nocións mesmas da mente (que son como a alma das palabras e a base de toda estrutura e edificio), foron abstraídas mal e á lixeira das cousas, e son vagas e non suficientemente definidas e perfiladas e, en fin, se de mil modos son defectuosas, todo se vén abaixo”.

F. BACON, *Instauración Magna*, II, 7.

OPCIÓN 2

O Utilitarismo moral.

2.1. “O credo que acepta a Utilidade ou Principio da Maior Felicidade como fundamento da moral, sostén que as accións son xustas na proporción con quen tenden a promover a felicidade; e inxustas en canto tenden a producir o contrario da felicidade. Enténdese por felicidade o pracer, a ausencia de dor; por infelicidade, a dor e a ausencia de pracer. Para dar unha visión clara do criterio moral que establece esta teoría, habería que dicir moito máis particularmente qué cousas se inclúen nas ideas de dor e de pracer, e ata qué punto é esta unha cuestión patente... O pracer e a ausencia de dor son as únicas cousas desexables como fins, e todas as cousas desexables sono ou polo pracer inherente a elas mesmas, ou como medios para a promoción do pracer e a prevención da dor”.

J.S. MILL, *O Utilitarismo*, cap. II.

.....

COMPOSICIÓN DE TEXTO (sobre tema de tipo Filosófico)

O materialismo histórico.

2.2. “Na produción social da súa existencia os homes entran en determinadas relacións, necesarias, independentes da súa vontade, relacións de produción que corresponden a un determinado grao de desenvolvemento das súas forzas produtivas materiais. A totalidade destas relacións de produción constitúe a estrutura económica da sociedade, a base real sobre a que se levanta unha superestrutura xurídica e política á cal corresponden determinadas formas de conciencia social. O modo de produción da vida material determina o proceso de vida, de vida social, política e espiritual en xeral. O que determina o ser dos homes non é a súa conciencia, senón que, inversamente, é o seu ser social o que determina a súa conciencia”.

C. MARX, *Contribución á Crítica da Economía Política*, prólogo

.....

A vida e a vontade de poder. O Apolíneo e o Dionisiaco.

2.3. “¿Que valor teñen as nosas valoracións morais, as nosas táboas de bens? ¿Que se vai gañando co seu sostemento? ¿Quen? ¿En relación a que? Resposta: a vida. Pero, ¿que é a vida? Aquí impónse a necesidade dun novo e máis exacto concepto da vida. A miña fórmula é esta: a vida é vontade de poderío. ¿Que significa unha valoración moral en si mesma? ¿Fai referencia a outro mundo, a un mundo metafísico? Resposta: a valoración moral é unha explicación, unha especie de interpretación. A explicación mesma é un síntoma dun determinado estado fisiolóxico, e tamén dun determinado nivel dos xuízos dominantes”.

NIETZSCHE, *A vontade de dominio*, 254.

.....

Concepción da linguaxe nas “Investigacións filosóficas”: a linguaxe e os xogos lingüísticos.

2.4. “A clarificación do uso da linguaxe. Trampas da linguaxe.- Os homes están profundamente incrustados en confusións filosóficas, isto é, gramaticais. E libéralos delas presupón sacalos da inmensa multitude de conexións nas que están atrapados. Por así dicilo, tense que reagrupar a totalidade da linguaxe. Pero esta linguaxe chegou a ser así (desenvolveuse) porque os homes tiñan -e teñen- a inclinación de pensar desta maneira. Polo tanto, sacalos fóra só funciona entre os que viven nunha rebelión instintiva contra (insatisfeitos) a linguaxe. Non aqueles que viven de acordo con todos os seus instintos, no rabaño que esta linguaxe creou como a súa expresión xenuína. A linguaxe contén as mesmas trampas para todos: a inmensa rede de camiños equivocados, ben conservados (transitables). E así vemos transitar unha persoa tras outra polos mesmos camiños e sabemos de antemán onde fará un xiro, onde seguirá de fronte, sen decatarse do xiro, etc. Polo tanto, debería colocar, en todos os lugares nos que os falsos camiños se bifurcan, sinais que axuden a transitar polos puntos perigosos”.

WITTGENSTEIN, *Ocasións filosóficas* 1912 - 1921. Filosofía, 90.

.....

A estrutura ontolóxica do Dasein

2.5. “O fundamento ontolóxico orixinario da existencia do Dasein é a *temporalidade*. Só desde ela resulta existencialmente comprensible a totalidade estrutural articulada do ser do Dasein en tanto que *cuidado*. A interpretación do sentido do ser do Dasein non pode deterse nesta averiguación. A análise tempórea-existencial deste ente necesita da comprobación concreta. As estruturas ontolóxicas do Dasein xa alcanzadas teñen que ser retrospectivamente postas ó descuberto no seu sentido tempóreo. O cotián revélase como modo de ser da temporeidade. Mediante esta repetición da análise fundamental preparatoria do Dasein, volverase, á vez, máis transparente o fenómeno mesmo da temporeidade. Desde ela faise entón comprensible por qué o Dasein, no fondo do seu ser, é e pode ser histórico, e por qué pode, *en canto histórico*, desenvolver un saber histórico”.

HEIDEGGER, *Ser e Tempo*, segunda sección, 45.

COMPOSICIÓN DE TEXTO (sobre tema de tipo *Filosófico*)

A ética dialóxica: ética comunicativa ou discursiva.

2.6. “Coa aceleración da mudanza social, os períodos de decadencia dos modelos de conduta tamén foron reducíndose, xa se tratara da *polis grega*, dos estamentos da *societas civilis* medieval, do individuo universal e urbano do Renacemento ou, como lemos en Hegel, da familia, a sociedade burguesa e a monarquía constitucional. O punto final desta evolución márcao o liberalismo político de John Rawls, que reacciona ó pluralismo de cosmovisións e á progresiva individualización dos estilos de vida. Rawls extrae a consecuencia do fracaso do intento filosófico de definir como modélicas *determinadas* formas de vida. A “sociedade xusta” deixa ó arbitrio de todas as persoas qué queren “facer co tempo que dure a súa vida”, garante a todos e cada un a mesma liberdade para desenvolver unha autocomprensión ética e para facer realidade unha concepción persoal da “vida boa” segundo a propia capacidade e o bo parecer”.

J. HABERMAS, *O futuro da natureza humana. ¿Cara a unha euxeñese liberal?*. I.

.....

Antropoloxía orteguiana: circunstancia e “proxecto vital”.

2.7. “Sobre as posibilidades de ser (de cada home) importa dicir o seguinte: 1º Que tampouco me son regaladas, senón que teño que inventalas, sexa orixinalmente, sexa por recepción dos demais homes, mesmo no ámbito da miña vida. Invento proxectos de facer e de ser en vista das circunstancias. Iso é o único que atopo e que se me dá: a circunstancia... 2º Entre esas posibilidades teño que elixir. Polo tanto, son libre. Pero, enténdase ben, son *á forza* libre, sono queira ou non. A liberdade non é unha actitude que exercita un ente, o cal, á parte e antes de exercitala, ten xa un ser fixo. Ser libre quere dicir carecer de identidade construtiva, non estar adscrito a un ser determinado, poder ser outro do que se era e non poder instalarse dunha vez e para sempre en ningún ser determinado”.

ORTEGA Y GASSET, *Historia como sistema*, VII.

AVALIACIÓN DA COMPOSICIÓN: 10 puntos.

CONVOCATORIAS DE XUÑO E SETEMBRO

1. Con carácter xeral: os que figuran no Dexeño Curricular Base da materia, que se aplicarán á composición realizada:

- a) Situar e contextualizar adecuadamente o filósofo estudiado no seu marco histórico e filosófico.
- b) Relaciona-lo problema filosófico estudiado coas principais condicións socioculturais nas que aparece e ás que pretendeu dar resposta.
- c) Mostrar e recoñece-la implicación dos sistemas filosóficos no desenvolvemento histórico das ideas e dos cambios sociais.
- d) Coñecer e manexar adecuadamente o vocabulario filosófico básico adquirido na filosofía do bacharelato.
- e) Analiza-lo contido do texto filosófico proposto, con rigor metodolóxico, identificando os problemas, os conceptos e os termos específicos que aparecen, facendo explícita a súa estrutura expositiva (teses, argumentos e conclusións).
- f) Expoñer, de modo claro e ordenado, as liñas fundamentais do problema prantexado, dentro do pensamento do autor ó que pertence.

g) Mostrar as súas propias reflexións sobre o tema tratado.

2. Con carácter específico:

- a) O alumno, na composición, ó ser o texto un “pretexto”, partirá da referencia ó texto proposto e, en consecuencia, valorarase tamén todo o que poida decir a propósito do mesmo.
- b) Desenvolverá a temática ilustrada polo texto e enunciada explicitamente no exame, mostrando, na composición, o coñecemento da mesma, os seus conceptos básicos, situándoa no conxunto do pensamento do autor.
- c) Valorarase, finalmente, a capacidade crítica, o rigor conceptual, a coherencia, precisión e claridade expositiva, a orixinalidade da Composición, así como todo o que poida contribuir a mostrar a comprensión dos problemas filosóficos prantexados, tanto no texto como na temática suxerida.

Avaliación da Composición: de 0 a 10 puntos.